

CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASOCIADAS

No Capítulo II dos Estatutos da Asociación Ribeira Crea fálase de todo o relacionado coas persoas asociadas, aquí faremos un resumo.

Segundo o artigo 7, os requisitos para ser persoa asociada son:

1. Ser persoa física ou xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
2. As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipadas con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito.
3. As persoas menores de máis de 14 anos non emancipadas necesitan o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.
4. As persoas menores de 14 anos que queiran participar nas actividades exclusivas para persoas asociadas, poderán utilizar os beneficios de persoa asociada se a súa nai, pai ou titoras legais son socias da nosa asociación.
5. As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.
6. As persoas asociadas deberán abonar unha **cota anual de 10 euros**.

Segundo o artigo 10, os dereitos da persoa asociada son:

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:
 - a. Participar nas actividades da asociación.
 - b. Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
 - c. Participar nas asembleas con voz e voto.
 - d. Recibir información da composición dos órganos de representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
 - e. Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
 - f. Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
 - g. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
 - h. Utilizar os espazos que teña habilitados a asociación para o seu uso e desfrute. Isto sempre se levará a consulta da xunta directiva para valorar o motivo de uso das instalacións e coordinar os horarios dos espazos.
 - i. Presentar e propoñer actividades que cumpran cos intereses da asociación. Serán sempre levadas a asemblea para que sexan valoradas e escoitadas por todas as persoas asociadas.
2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

Segundo o artigo 11, as obrigas da persoa asociada son:

1. Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
2. Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan (10 euros anuais).
3. Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para as que foron elixidas.

4. Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

PAGAMENTO DA COTA ANUAL

1. A cota anual é de **10 euros**.
2. Farase o ingreso/**transferencia** á conta bancaria da asociación (**ES6920800303193040039669**) poñendo:
 - a. **CONCEPTO**: Cota anual + Nome + Apelidos + Numero de teléfono da persoa asociada (*sempre da persoa asociada faga ou non a transferencia dende a súa conta bancaria)
 - b. **NOME DO BENEFICIARIO**: Asociación Ribeira Crea
3. Deberán achegar xustificante de pagamento ao final do formulario web ou ao correo ribeiracrea@gmail.com
4. O ingreso pedirásse a principios de ano. Se te fas socia noutro mes que non sexa Xaneiro, farás o pago nun prazo de 10 días dende que te inscribas como socia e ao ano seguinte pagarás en Xaneiro.
5. Tal e como especificamos nos estatutos, as rapazas e rapaces de 14 a 18 anos poden asociarse co consentimento dos seus responsables legais.
6. Os menores de 14 anos non se teñen que asociar para gozar das actividades da asociación, pero deben ser persoa asociada un dos seus responsables legais.

Calquera consulta poden escribir a ribeiracrea@gmail.com ou poñerse en contacto connosco a través das nosas redes sociais e o formulario web.

Moitas grazas por formar parte de Ribeira Crea!

